



CAMPO DE VOLUNTARIADO "RUTA DE PALACIOS" (O PORRIÑO - PONTEVEDRA)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
26/7 – 06/08 / 2022	18-30	Internacional	Cultural	15

LOCALIZACIÓN

O Porriño é un concello da provincia de Pontevedra. Forma parte da comarca de Vigo e está integrado na Área Metropolitana de Vigo.

Ten un carácter eminentemente industrial e é un nó loxístico importante, pola súa excelente situación xeográfica.

Destacan varias edificacións realmente interesantes, entre as que se atopa a Casa do Concello, edificio construído no período que vai dende 1919 ata 1924 polo arquitecto Antonio Palacios Ramilo. O estilo que aplica Palacios encádrase dentro da corrente rexionalista.

Observamos as fachadas de construcións arquitectónicas tradicionais, exemplo o pazo localizado na rúa Progreso, fronte á estación de ferrocarril, Villa Anastasia, un edificio que pertence á arquitectura ecléctica que situamos entre os últimos anos do século XIX e os primeiros do XX e outras moitas que se estudarán neste campo.



DESCRIPCIÓN DO CAMPO

A finalidade deste campo é dar a coñecer a obra do arquitecto Antonio Palacios (O Porriño, 1874 – Madrid, 1945), un dos arquitectos máis recoñecidos do século XX, sobre todo no Madrid monumental que axudou a construír. Súas son as obras do Palacio de Telecomunicaciones (hoxe sede do Ayuntamiento de Madrid), ou o Círculo de Bellas Artes, as primeiras estacións de metro e decenas de edificios emblemáticos do seu centro histórico.

Palacios deixou na súa vila natal, O Porriño, unha importante pegada da súa obra dende a Casa Consistorial á Botica Nova construída para o seu irmán, pasando polo Templete do Metro da Gran Vía que hoxe preside o Parque Campo da Feira.

Actividades:

- Diseñar un mapa físico para imprimir e difundir sobre os edificios emblemáticos que se estudarán.
- Deseño dunha páxina web ou App móbil onde mostrar a información relevante sobre estas edificacións e a súa xeolocalización.
- Aprender, coñecer e practicar noções básicas de fotografía de arquitectura.
- Organizar visitas guiadas polo casco histórico do Porriño con vida e obra de Antonio Palacios como fío argumental.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Obradoiros de aproximación á aprendizaxe de manexo de drons e fotografía aérea.
- Caiac
- Excursións a Vigo, a Nigrán, ás Pozas de Melón, a Vilanova da Cerveira (Portugal).
- Praia Fluvial de Mondariz
- Tirolesa

COMO CHEGAR

Dende Santiago por estrada en www.alsa.es, vía Vigo con www.monbus.es ou en tren.

Dende Vigo a O Porriño www.monbus.es.

ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

No Centro Recreativo e Cultural do Porriño, na avda. Domingo Bueno Ab, 11, 36400 O Porriño.

INCORPORACIÓN, PUNTO DE ENCONTRO

O primeiro día do campo de voluntariado, no lugar do aloxamento, a partir das 16.00 h.

COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do Carné xove, título de familia numerosa ou familia monoparental: OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50 €).

DEVOLUCIÓN DA COTA

Circunstancias que dan dereito á devolución da cota:

- a) Anulación da actividade ou non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada.




CAMPO DE VOLUNTARIADO "RUTA DE PALACIOS" (O PORRIÑO - PONTEVEDRA)

b) Ingreso hospitalario, causa médica grave ou diagnóstico positivo en Covid 19 que afecte á persoa interesada e lle impida incorporarse ao campo. Deberá acreditarse con informes médicos e/ou do hospital no que estea ingresada, ou coa certificación do resultado da proba da Covid 19.

c) Falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar, ou co certificado de defunción, de ser o caso.

d) Abandono da actividade por calquera dos motivos recollidos na letra b), sempre e cando non transcorrese máis do 50 % dos días de duración do campo.



EQUIPO ACONSELLABLE

- Útiles de aseo e toalla de ducha
- Saco de durmir e mochila para rutas
- Calzado cómodo para montaña e calzado deportivo

- Roupa: de deporte (suadoiros), de baño (traxe de baño, toalla, chancletas), de abrigo (roupa idónea para poder realizar o traballo no caso de choiva ou frío), de auga (chuvasqueiro), de traballo (guantes, gorro, calzado cómodo, botas de montaña...)

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes disporán dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado:

T. 981 957 115 - camposdetraballo.xuventude@xunta.gal

Servizo de Xuventude e Voluntariado de Vigo:

T. 986 817 079 - campospontevedra.xuventude@xunta.gal

INFORMACIÓN ADICIONAL

xuventude.xunta.es Portal da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos, ocio e tempo libre, actividades, formación...

[@xuventudegalicia](https://twitter.com/xuventudegalicia) Redes sociais da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.